

## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

*ANUNCIO do 25 de febreiro de 2022 polo que se somete ao trámite de información pública a separata do proxecto de construcción de beirarrúa na PO-315, treito Beluso-A Chadiza, de clave PO/21/018.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.*

Antecedentes:

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas, do 24 de febreiro de 2022, aprobouse provisionalmente o contido do documento para información pública do proxecto de construcción de beirarrúa na PO-315, treito Beluso-A Chadiza, de clave PO/21/018.06.

O obxecto do proxecto consistirá na execución dunha beirarrúa pola marxe esquerda da estrada PO-315 entre os núcleos da Chadiza e A Costa do Figueirón (puntos quilométricos (p.q.) aproximados 2+150 ao 2+750, na parroquia de Beluso, completando así un itinerario peonil seguro ao conectar este novo treito cos xa existentes no seu inicio e final; así como na execución en ambas as dúas marxes da estrada das reservas de plataforma adecuadas para a paraxe de bus do p.q. 2+500. A obra complétase coas seguintes actuacións complementarias: adecuación e/ou renovación dos servizos presentes no treito de actuación e a mellora da capa de rodaxe da calzada naqueles treitos que están deteriorados.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia o mencionado proxecto de construcción sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.



Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realizaízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avda. M<sup>a</sup> Victoria Moreno, 43, 1º, 36071 Pontevedra) e no Concello de Bueu (Eduardo Vicenti, 8, 36930 Bueu, Pontevedra).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedimentos-informacion-publica/estudios-proyectos>) atópase á disposición dos interesados a separata do proxecto de construcción.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2022

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





## ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados por  
beirarrúa na PO-315, treito Beluso-A Chadiza, clave PO/21/018.06**

Concello de Bueu. Pontevedra.

Nº	Referencia catastral	Pol.	Parc.	Titular	DNI	Situación básica do chan	Natureza	Clasificación urbanística	Superficie catastral (m <sup>2</sup> )	Área afectada (m <sup>2</sup> )	Bens	Med. (ud.)
1	36004A00100110	001	110	Pérez Ríos, Agustín (PR_100)	Descoñecido	Rural	Rústico	Solo rústico de especial protección infraestructuras	853	82		
2	36004A00100109	001	109	Pastoriza Molanes, Delfina (US-100) Pérez Pastoriza, Ramón (NP_100)	***6021** ***7586**	Rural	Rústico	Solo rústico de especial protección infraestructuras	1.179	87		
3	36004A00100108	001	108	Pérez Ríos, Erundina (PR_100)	***6110**	Rural	Rústico	Solo rústico de especial protección infraestructuras	1.478	57		
4	36004A00700001	007	1	Menduiña Fontán, Juan, her. (PR_100)	***5126**	Urbanizado	Rústico	Solo núcleo rural	3.006	116	Aramado con postes de pedra	44
5	36004A00800043	008	43	González Abal, Daniel (PR-50) Jardón Adán, M <sup>a</sup> Dolores (PR-50) Núñez Barreiro, Sergio (PR-50) Patiño Domínguez, Adriana (PR-50) Rodríguez Rodríguez, Antonio (PR-50) García Granja, Digna (PR-50) Iglesias Núñez, Javier (PR-50) Parada Rosales, Argentina (PR-50) Gil Lozano, Nerea (PR-50) Dopazo Soage, M <sup>a</sup> Belén (PR-50) Santos Gómez, Diego (PR-50) Santos Herbello, Salvador, herd. (PR-100)	***1324** ***4580** ***1712** ***1187** ***0314** ***8075** ***1370** ***1201** ***7938** ***9952** ***1071** ***5179**	Urbanizado	Rústico	Solo núcleo rural	940	13	Muro de pedra	13
6	36004A00800042	008	42	Álvarez García Salvador (PR_100)	***9911**	Rural	Rústico	Solo rústico de especial protección infraestructuras	762	273		



DOG Núm. 47

Mércores, 9 de marzo de 2022

Páx. 16876

Nº	Referencia catastral	Pol.	Parc.	Titular	DNI	Situación básica do chan	Natureza	Clasificación urbanística	Superficie catastral (m <sup>2</sup> )	Área afectada (m <sup>2</sup> )	Bens	Med. (ud.)
7	36004A00800001	008	1	López Méndez Carmen (PR_100)	***6315**	Rural	Rústico	Solo rústico de especial protección infraestructuras	762	101		
8	36004A00800002	008	2	Pastoriza Ferradás, Salvador Manuel (PR_100)	***9427**	Rural	Rústico	Solo rústico de especial protección infraestructuras	579	68		